



**ACTA DA CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DA ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 26 DE MAIO DE 2019.**

No salón de actos da Casa do Concello de Vedra, sendo as once horas do día quince de xuño de dous mil dezanove, ao obxecto de proceder á Constitución do Concello e elección de Alcalde/sa, conforme establecen os artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e o artigo 37 do Real Decreto 2568/16986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, reúnen-se, en sesión pública, os/as seguintes señores/señoras, proclamados/as concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e seis de maio de 2019:

Don Carlos Martínez Carrillo  
Don Manuel Costa Carneiro  
Don José Manuel González Couto  
Dona María Susana García Lema  
Dona Diana Varela Barreiro  
Don Enrique Vázquez Martínez  
Don Juan Manuel Cernadas Méndez  
Don José Caldelas González  
Don Ramón Manuel Lago Lestón  
Dona María Beatriz Amenal Junquera  
Dona Raquel Sangiao Durán  
Don José Antonio Pose Rodríguez  
Dona Yolanda Viero Cebeiro

Actúa de Secretario o da Corporación: don Carlos J. Méndez –Losada Abalo, quen fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o artigo 7º do citado regulamento, como trámite previo legal para este acto.

Antes da constitución da Mesa de Idade o Sr. Secretario dálle lectura ao acordo da Xunta Electoral Central 475/2019, de data 10 de xuño, sobre da única validez das fórmulas que expresamente manifesten a vontade incondicional de acatar a Constitución, para poder tomar posesión os cargos electos das corporacións locais.

**CONSTITUCIÓN MESA DE IDADE**

Deseguido procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo/a concelleiro/a electo/a de maior idade, de entre os asistentes, Dona María Susana García Lema, que pasa a presidila e polo/a de menor idade, tamén de entre os/as asistentes, Dona Yolanda Viero Cebeiro, e actuando como Secretario da mesma o propio da Corporación.

**CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN**

Constituída a Mesa de Idade, e despois de tomar posesión os membros da mesma, xurando o cargo dona María Susana García Lema e prometendo dona Yolanda Viero Cebeiro, por parte da Secretaría procédese a dar lectura de todas as credenciais



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



presentadas, así como a acreditación da personalidade dos/as electos/as pola certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona.

Dado que asisten concelleiros/as electos/as que representan a maioría absoluta dos membros que de dereito corresponden ao Concello, de acordo co disposto no artigo 195.4 da mencionada Lei Orgánica e no 37. 4 do citado Regulamento, a Mesa procede a nomear aos/ás restantes concelleiros/as electos/as que non forman parte da mesma, aos efectos da prestación do xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, usando todos/as a fórmula de promesa.

A continuación a Presidenta da Mesa declara constituída a Corporación.

### ELECCIÓN DE ALCALDE/SA

Acto seguido, a Mesa anuncia que se vai proceder á elección de Alcalde/sa, sinalando que poderán ser candidatos os tres concelleiros que encabezaron as súas correspondentes listas nas pasadas Eleccións Municipais.

Renuncian a ser candidatos don Ramón Manuel Lago Lestón (PSdeG-PSOE) e don José Antonio Pose Rodríguez (BNG-AA), polo que queda como candidato:

#### NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS

D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

#### LISTA OU CANDIDATURA

PP

Proponse o sistema de votación secreta e apróbase por unanimidade .

Iníciase a votación, e obtéñense os seguintes resultados:

	VOTOS OBTIDOS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO	8
“BRANCO”	1
“NON”	4

De acordo co citado artigo 196, resulta elixido como Alcalde deste Concello, D. Carlos Martínez Carrillo, integrado na lista ou candidatura do PP, ao obter a maioría absoluta dos votos dos/as concelleiros/as, e logo da promesa na forma anteriormente mencionada para o desenvolvemento do seu cargo de Alcalde, toma posesión neste mesmo acto, quedando disolta a Mesa de Idade, e pasa a presidir a sesión.

Intervén o Sr. Alcalde e comeza felicitando a todos/as os/as concelleiros/as, sobre todo aos debutantes no pleno, posto que ser concelleiro/a do teu pobo é unha enorme honra e responsabilidade.

Sinala que comeza unha nova lexislatura, con novos proxectos, ilusións, que repercutirán positivamente no traballo que cada quen fará tanto no goberno como na oposición, polo ben de Vedra e da súa xente.

Por parte do PP, cun resultado histórico na democracia neste concello, e cun respaldo por parte do pobo, o máis alto ata a data, sente unha enorme débeda de gratitude e unha enorme responsabilidade para este equipo e para a súa persoa, non poden fallar e non van fallar. Supón seguir escoitando día a día ao pobo, facéndoo cunha enorme



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



humildade, traballar sen descanso, con honestidade, sinceridade, para toda a veciñanza de Vedra, non só para os seus votantes, porque nunca se debe esquecer que é Alcalde dun só pobo.

Seguirán aplicando o sentido común en cada acción, sempre nunha actitude de diálogo permanente e busca de consenso coa oposición, posto que ten un labor importante e fundamental no bo funcionamento do concello, e de seguro que así o fará. En definitiva sempre en positivo para entre todos facer de Vedra unha máis grande e mellor, e facelo con moita ilusión, amor e cariño. Este debe ser e será o seu libro de ruta durante os vindeiros catro anos.

Para rematar dálle as grazas aos/as seus compañeiros/as, as súas familias, e sobre todo ao pobo de Vedra por confiar no seu equipo e na súa persoa, posto que ser Alcalde do teu pobo é unha das máis honras que unha persoa pode ter na vida.

Por outro lado, dálle a benvida a todos os membros da corporación, sobre todos aos que se estean no posto, manifestando que non hai maior honra que ser elixido polos teus veciños para defender os seus intereses.

De seguido cédelle a palabra aos demais grupos políticos.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que foron unhas eleccións particulares. Son as eleccións dos récords: o mellor resultado do PP de Vedra na súa historia, o mellor resultado do BNG e o peor resultado na historia do PSdeG-PSOE en Vedra. O PSdeG-PSOE acadou os seus peores resultados na historia de Vedra, pero en ningún momento se sentiron perdedores. Sente que a veciñanza lle deu un toque de atención e recolle ese testemuño. Di que traballarán arreo para conseguir dentro de catro anos un goberno socialista, progresista e que mire polos veciños de Vedra.

Dille á Presidencia que nos últimos catro anos de goberno do PP non houbo diálogo nin se chegou a consenso nas decisións, e pídelo que neste próximos catro anos iso sexa verdade e que contén co PSdeG-PSOE para mirar polo ben xeral e intereses da veciñanza. Intentarán facer unha oposición construtiva e realista mirando polas necesidades reais da veciñanza de Vedra.

O seu grupo estará para o que precisen os veciños e veciñas de Vedra.

A nivel persoal gustaríalle dar as grazas á familia e amigos e a todas as persoas que o axudaron a nivel persoal e á candidatura socialista na campaña electoral.

Finalmente felicita aos novos concelleiros e concelleiras electos/as e dálles as grazas a todos.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA dálle os parabéns ao grupo municipal do PP, porque teñen mil votos de diferenza cos restantes grupos, e para el iso é unha esmagadora maioría. Sinala que teñen por diante uns retos descomunais nos próximos catro anos.

A continuación polo Sr. Secretario, dáse lectura á acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da nova corporación, depositados na caixa municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio municipal, de acordo co preceptuado no número 2 do artigo 36 do repetido Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do preceptuado polo artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e artigo 33.2 do



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1.372/1986, do 13 de xuño, sendo o resumo o que de seguido se relacionan:

<b>ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA A 13/06/2015</b>	
Existencia anterior ao período	39.283,14
Ingresos por operacións de orzamento	2.216.538,55
Ingresos por operacións non orzamentarias	205.563,78
Ingresos por reintegros de pagamentos	4.118,10
Por movementos internos	357.595,00
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>2.783.815,43</b>
<b>SUMAN EXISTENCIA + INGRESOS</b>	<b>2.823.098,57</b>
Pagos orzamentarios	1.912.538,26
Pagos non orzamentarios	343.972,07
Por devolución de ingresos	4.975,75
Por movementos internos	357.595,00
<b>Total pagos</b>	<b>2.619.081,08</b>
Existencias a fin de período	204.017,49

Para rematar , o Sr. Presidente da Corporación, dálle lectura ao artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quedando informados todos/as os/as asistentes do seu contido.

Conclúe o acto ao fío das once horas e trinta e cinco minutos.